

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE FOMENTO

**17999** *Real decreto 1513/2018, do 28 de decembro, polo que se modifica a disposición transitoria única do Real decreto 664/2015, do 17 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de circulación ferroviaria.*

O Regulamento de circulación ferroviaria, aprobado polo Real decreto 664/2015, do 17 de xullo, ten por obxecto dispor dunha normativa única que permita unha circulación ferroviaria segura sobre a Rede ferroviaria de interese xeral. Neste sentido, o Regulamento adaptou a regulación ao desenvolvemento que tiveron o sector ferroviario e a tecnoloxía nos últimos anos e incorporou a normativa europea recente. O Regulamento requiriu para a súa aplicación a adaptación ao seu contido de toda a actividade de explotación, xestión e operación do tráfico ferroviario dos administradores de infraestrutura ferroviaria e das empresas ferroviarias.

O Real decreto 664/2015, do 17 de xullo, foi modificado polo Real decreto 1011/2017, do 1 de decembro, que realiza modificacións no texto do Regulamento de circulación ferroviaria co fin de incorporar a este determinados aspectos detectados polos administradores de infraestruturas, empresas ferroviarias, centros de formación de persoal ferroviario, sindicatos e particulares, co fin de corrixir, aclarar e completar o seu contido. Igualmente, modificouse a súa disposición transitoria única establecendo o denominado «apagón do ASFA analóxico» e fixando o prazo para isto. Máis concretamente, o novo número 8 define as datas límite en que resulta aplicable a «Especificación transitoria 1. Sistema de anuncio de sinais e freada automática (ASFA) analóxico» do libro quinto do Regulamento de circulación ferroviaria, obrigando con isto a realizar a substitución dos equipamentos embarcados co sistema ASFA analóxicos aínda existentes na Rede ferroviaria de interese xeral polos correspondentes equipamentos embarcados con sistema ASFA dixital.

Mediante o Real decreto 695/2018, do 29 de xuño, modificouse esta disposición transitoria única para permitir que os administradores de infraestruturas ferroviarias e as empresas ferroviarias puidesen finalizar a adaptación dos seus sistemas á nova situación.

Estando próxima a entrada en servizo do «apagón do ASFA analóxico», os operadores ferroviarios manifestaron a problemática particular daqueles vehículos que xa dispoñen de ASFA dixital, tal e como exige o número 8 da disposición transitoria única do Real decreto 664/2015, do 17 de xullo, pero que, porén, non permiten unha transición dinámica entre outros sistemas embarcados do tren de protección continua (ERTMS ou EBICAB) e o ASFA dixital, transitando automaticamente só a ASFA analóxico. A prohibición absoluta de circulación con ASFA analóxico obrigaría, por tanto, á realización de múltiples operacións de transición manual, con detención en plena vía. De acordo coa súa análise preliminar dos riscos da explotación nesas condicións, poderían introducirse novas ameazas, como un aumento da probabilidade de fallo humano nas operacións manuais de desconexión dun sistema e conexión do outro. Dado o considerable número de servizos afectados, o que aumentaría a probabilidade de que poida producirse un fallo, parece oportuno atender as súas peticións para que se estableza unha excepción á prohibición xeral de circulación con ASFA analóxico.

Esta excepción permitirá circular, con carácter temporal, de maneira similar ao que até agora se está realizando, até que se substitúan os equipamentos por outros que permitan a transición dinámica a ASFA dixital sen requirir intervención manual, en tramos acoutados (até chegar a un punto en que poida realizarse a transición en mellores condicións de seguridade) e, en todo caso, de conformidade coas conclusións das avaliacións de riscos realizadas pola empresa ferroviaria.

Por outro lado, en relación coa substitución dos equipamentos embarcados para largo métrico, prevista inicialmente para antes do 1 de xaneiro de 2020, as empresas ferroviarias manifestaron que os prazos de subministración van ser superiores, ante a dificultade que tiveron até agora para encontrar provedores no mercado dispostos ao desenvolvemento dos equipamentos adaptados ás características da rede de largo métrico. Parece, por tanto, conveniente aprazar a dita data para axustala mellor á realidade do mercado.

Por todo o anterior, considerouse conveniente promover a modificación do número 8 da disposición transitoria única do Real decreto 664/2015, do 17 de xullo.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de decembro de 2018,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación da disposición transitoria única do Real decreto 664/2015, do 17 de xullo.*

a) O número 8 queda redactado como segue:

«8. A partir do 1 de xaneiro de 2019 nas liñas de largo ibérico e estándar europeo e do 1 de xullo de 2021 na rede de largo métrico non se admitirá a circulación de trens co sistema ASFA analóxico e os equipamentos embarcados co dito sistema deberanse substituír por outros co sistema ASFA dixital. A partir das datas indicadas anteriormente para cada unha das redes, deixará de ser aplicable a «Especificación transitoria 1. Sistema de anuncio de sinais e freada automática (ASFA) analóxico» do libro quinto do Regulamento de circulación ferroviaria excepto na situación que figura a continuación para as liñas de largo ibérico e estándar europeo.

Até o 30 de xuño de 2020, admitirase que poidan circular co sistema ASFA analóxico entre o punto da transición e a estación con parada máis próxima, sexa esta anterior ou posterior a aquel, os trens que, dispoñendo de ASFA dixital, non poidan realizar unha transición dinámica entre este sistema e outros sistemas embarcados de protección do tren de supervisión continua. A circulación nestes casos particulares realizarase baixo as condicións de seguridade establecidas pola empresa ferroviaria e o administrador de infraestruturas no caso de que se requira a xestión compartida das ditas condicións. O establecemento das ditas condicións de seguridade realizarase mediante un proceso previo de avaliación e valoración do risco conforme o Regulamento (UE) 402/2013, do 30 de abril, relativo á adopción dun método común de seguridade para a avaliación e valoración do risco, promovido pola empresa ferroviaria. Este proceso considerará especificamente entre os seus escenarios o da circulación, incluíndo un cambio do sistema embarcado activo co tren detido no punto de transición de sistemas. As condicións de seguridade así establecidas comunicaranse á Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria.

A obrigação de dispor de equipamentos embarcados co sistema ASFA dixital non será de aplicación aos vehículos históricos que realicen servizos ferroviarios puntuais de carácter cultural, ou de conservación e difusión do patrimonio histórico, referidos na disposición adicional sexta da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario. Neste caso, as condicións de circulación e a dotación en canto a equipamento e persoal necesarios serán establecidas mediante consigna específica do administrador de infraestruturas, das previstas no artigo 1.2.1.3 do Regulamento de circulación ferroviaria, logo da achega da pertinente análise de riscos por parte da empresa ferroviaria.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de decembro de 2018.

FELIPE R.

O ministro de Fomento,  
JOSÉ LUIS ÁBALOS MECO